

ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
XGL/2021/26	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	12 de agosto de 2021
Duración	Desde as 13:00 ata as 13:15 horas
Lugar	Sala de Reunións
Presidida por	Manuel Cuíña Fernández
Secretaria	María Fernanda Montero Parapar
Interventor	Leopoldo Moure Dopico

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
77404245E	ANGELA TROITIÑO GIL	SÍ
76801683Z	ANTONIO FERRO LOSADA	SÍ
35251841V	JESUS TABOADA LAZARA	SÍ
76816828W	MÓNICA GONZÁLEZ CONDE	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA**Aprobación da acta da sesión anterior**

Favorable**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á seguinte Acta:- 22 de xullo de 2021.

Expediente 1437/2021. Seleccións de Persoal e Provisións de Postos**Favorable****Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Consta Providencia de inicio do expediente da Alcaldía de data 10/08/2021.

Constan no expediente as **BASES PARA A SELECCIÓN DE DÚAS PERSOAS PARA A REALIZACIÓN DA OBRA OU SERVIZO “LIMPEZA E MANTEMENTO DE ZONAS VERDES E XARDÍN” (PEÓN XARDINERÍA) PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE PERSOAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL PERCEPTORAS DA RENDA DE INTEGRACIÓN SOCIAL DE GALICIA (RISGA).**

Esta contratación está financiada con cargo a Orde do 12 de abril de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para á concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (RISGA), e se aproba a súa convocatoria para o ano 2021 (código de procedemento TR351F) (DOG núm. 78 do 27 de abril de 2021).

Consta no expediente a existencia de crédito adecuado e suficiente.

Logo de ver o informe número 2021-072, emitido pola Secretaría da Corporación con data de 10 de agosto de 2021.

Polo exposto, esta Xunta de Goberno Local, adoptou o presente acordo:

PRIMEIRO: Aprobar as **BASES PARA A SELECCIÓN DE DÚAS PERSOAS PARA A REALIZACIÓN DA OBRA OU SERVIZO “LIMPEZA E MANTEMENTO DE ZONAS VERDES E XARDÍN” (PEÓN XARDINERÍA) PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE PERSOAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL PERCEPTORAS DA RENDA DE INTEGRACIÓN SOCIAL DE GALICIA (RISGA)**, redactadas polo Axente de Emprego e Desenvolvemento Local, co contido que se establece no Anexo I.

SEGUNDO: Convocar o presente proceso de selección podendo presentarse as correspondentes instancias para a participación no prazo de 02 días hábiles comezando a computarse dito prazo dende a recepción das presentes bases,

ANEXO

BASES PARA A SELECCIÓN DE DÚAS PERSOAS PARA A REALIZACIÓN DA OBRA OU SERVIZO “LIMPEZA E MANTEMENTO DE ZONAS VERDES E XARDÍN” (PEÓN XARDINERÍA) PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE PERSOAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL PERCEPTORAS DA RENDA DE INTEGRACIÓN SOCIAL DE GALICIA (RISGA)

1.- OBXECTO

O obxecto das presentes bases é seleccionar persoas traballadoras entre os/as candidatos/as enviados/as polo Servizo Público de Emprego de Galicia que sexan perceptores/as da RISGA para proceder á súa contratación ao abeiro da Orde do 12 de abril de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (RISGA), e se aproba a súa convocatoria para o ano 2021 (código de procedemento TR351F) (DOG núm. 78 do 27 de abril de 2021).

Tratase dun programa específico e temporal de nove meses de duración, coa finalidade de recuperar certas zonas verdes específicas (parque da Igrexa, Parque das Pedrosas, Parque Xan Salgueiro) e que por mor da crise do Covid 19 estiveron desanteadas debido a ausencia de parte de aquel persoal estable.

Serán contratadas 2 persoas, coa categoría profesional de “PEÓN XARDINERÍA” por un período de 9 meses con xornada do 75%.

A modalidade contractual que se empregará será a de contrato de traballo por obra ou servizo determinado de interese social.

2.- CONDICIÓNS DAS PERSOAS ASPIRANTES

As persoas candidatas deberán cumprir os seguintes requisitos:

Ter sido preseleccionado/a pola Oficina de Emprego para o posto.

Posuír a nacionalidade española ou a dun Estado membro da Unión Europea ou do espazo económico europeo, ou ser estranxeiro con residencia legal en España.

Posuír capacidade funcional.

Ser maior de 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

Ser perceptor/a da RISGA.

Non haber sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que tivese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

3.- DOCUMENTACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN

As persoas candidatas poderán presentar a documentación no Rexistro do Concello, no **prazo de dous días hábiles**, comezando a computarse dito prazo dende a recepción das presentes bases, sendo o horario de presentación de documentación: de luns a venres: 9:00 a 14:00 h.

Xunto coa instancia deberá achegarse a seguinte documentación:

- Copia do D.N.I ou N.I.E.
- Resolución de concesión da RISGA.
- Declaración de non estar incurso/a en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade, que lle impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes a praza á que se opta e de ter capacidade funcional.
- Declaración de non estar separado/a mediante expediente disciplinario algún do servizo das Administracións Públicas, nin inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas. Tamén unha declaración de posuír capacidade funcional para o desenvolvemento do posto.
- Documentación acreditativa das circunstancias persoais recollidas na base 5, no caso de que sexa procedente.

En ningún caso se admitirán nin se valorarán os méritos non xustificadas, ou presentados unha vez rematado o prazo de presentación.

4.- LISTA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS

Expirado o prazo de presentación de instancias, resolverase sobre a aprobación da lista de admitidos/as e excluídos/as. A resolución publicarase no taboleiro de anuncios do Concello de Silleda, concedendo un prazo de emenda dun día hábil contado a partir da data de publicación no taboleiro de anuncios. Transcorrido dito prazo, resolverase definitivamente sobre a lista de admitidos/as e excluídos/as e sobre as alegacións que se

presentaran.

A resolución de Alcaldía será publicada no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de Silleda.

Non obstante, se en calquera momento posterior á aprobación da lista definitiva mencionada no parágrafo anterior, se advirte nas solicitudes e documentación aportada polas persoas aspirantes inexactitude ou falsidade que fora causa de exclusión, esta considerárase defecto non emendable e resolverase dita exclusión.

Coa aprobación da lista definitiva publicarase a data e hora de celebración da proba práctica (Entrevista).

5.- SISTEMA DE SELECCIÓN

A selección farase mediante o sistema de concurso do seguinte xeito:

5.1) VALORACIÓN DE MÉRITOS. Valorarase ata un máximo de seis puntos (6,00 puntos).

Circunstancias persoais:

1.- Persoas perceptoras de RISGA que teñan asignado un proxecto de inserción de carácter laboral: 2 puntos

Acreditarase mediante os datos proporcionados ao efecto polo Servizo Público de Emprego ou informe da Traballadora Social

2.-Situación Laboral:

a) Por estar en situación de desemprego, 0,10 por cada mes completo (máximo de 2,00 puntos).

A permanencia en situación de desemprego acreditarase mediante documento acreditativo de períodos de desemprego, emitido pola Oficina de Emprego. Unicamente se terá en conta o último período de permanencia nesta situación.

b) Maiores de 45 anos: 2 puntos.

c) Por ter a cargo a/o cónxuxe, fillos/as menores de 26 anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento: 0,50 puntos/persoa.

No caso de fillos/as, acreditarase coa presentación do libro de familia. Teranse en conta os fillos que convivan co candidato, o cal será comprobado de oficio polo concello a través dos datos do Padrón de Habitantes.

Os menores de 16 anos serán tidos en conta en todo caso.

Os maiores de 16 anos teranse en conta se están desempregados ou están matriculados nun centro educativo público durante o curso 2020-2021.

Acreditarase coa presentación da tarxeta de demandante de emprego do fillo/a no caso de desempregados e coa matrícula, boletíns de notas ou calquera outro documento que acredite a condición de estudante.

No caso de cónxuxe a cargo, acreditarase mediante a presentación de documentación acreditativa da condición de cónxuxe e de que non percibe ingresos.

No caso de persoas maiores incapacitadas, acreditarase mediante resolución de recoñecemento da dependencia debendo acreditar a condición de cuidador.

No caso de menores en acollemento, deberá presentarse documento acreditativo do acollemento.

5.2) ENTREVISTA. Valorarase ata un máximo de 4 puntos (4,00 puntos).

Entrevista persoal curricular: Nesta fase o Tribunal valorará, entre outros, os seguintes aspectos: aptitudes, actitudes, habilidades, valores, coñecementos relacionados co posto de traballo a cubrir.

6.-ÓRGANO DE SELECCIÓN

A comisión designada para a selección deste persoal, titulares e suplentes, estará composta, de acordo ao artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

1.- Composición do Tribunal : a efectos de facilitar a selección das persoas traballadoras constituirase o Tribunal de selección no Concello, formado da seguinte maneira:

Presidenta: M^a Celia González Peteiro (Traballadora Social)

Secretaria: M^a Fernanda Montero Parapar (Secretaria Municipal)

1º Vogal: Leopoldo Moure Dopico (Interventor Municipal)

2ºVogal: Director/a da oficina do Servizo Público de Emprego de Galicia competente para a tramitación da correspondente oferta, ou persoa en quen delegue, en representación da Consellería de Emprego e Igualdade na provincia de Pontevedra

3ºVogal: José Manuel García Blanco (Policía Municipal)

Os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros.

O persoal de elección ou de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección.

Todos os membros do tribunal deberán posuír unha titulación ou especialización igual ou superior á esixida para acceder ao posto de traballo convocado. Todos os membros do tribunal terán voz e voto.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ningún.

O Tribunal poderá constituírse e actuar validamente cando se encontren presentes ao menos tres dos seus membros, precisándose en todo caso, a asistencia do Presidente e Secretario.

Os acordos adoptaranse por maioría de votos dos membros presentes e no seu caso o empate resolverase co voto de calidade do Presidente.

As deliberacións do Tribunal non serán públicas e terán o carácter de secretas.

Os membros do Tribunal nos que conorra algunha das causas previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, deberán absterse de intervir notificándoo ao Presidente. Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando conorra algunha das causas do artigo 24 da citada Lei.

O Tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas, para todas ou algunha das probas, con voz pero sen voto, limitándose os mencionados asesores a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

Os integrantes do tribunal, ademais de actuar con suxeición ás presentes bases, quedan facultados tamén para resolver cantas cuestións se susciten na súa interpretación.

O ditaminado polo tribunal de selección someterase á Alcaldía para a decisión que proceda.

7.-PUBLICACIÓN DAS PUNTUACIÓNS

Finalizado o proceso, a lista de puntuacións obtidas polas persoas aspirantes farase pública no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de Silleda.

A lista de puntuacións determinará a orde de clasificación definitiva e, polo tanto, a proposta do Tribunal a favor das persoas aspirantes que maior puntuación final obtiveran por orde de clasificación.

Presentación de documentación

As persoas seleccionadas deberán presentar, no prazo de 1 día hábil a contar dende o seguinte á publicación final da lista de puntuacións e sen maior necesidade de requirimento, a seguinte documentación:

- a) Fotocopia da tarxeta sanitaria

- b) Certificado de conta bancaria
- c) Certificado médico ou documento oficial acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desenvolvemento das funcións a levar a cabo para a praza á que opta.

Quen dentro do prazo indicado, e salvo causa de forza maior, non presentara a documentación esixida ou da mesma resulta que non reúne as condicións esixidas, non poderá ser contratado e quedarán anuladas tódalas súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que houbese podido incorrer por falsidade na súa instancia.

A contratación

A contratación das persoas propostas polo Tribunal correspóndelle ó Alcalde.

Os contratos serán formalizados no correspondente documento administrativo.

8.- BOLSA DE EMPREGO

As persoas que non consigan praza pasarán a formar parte dunha bolsa de traballo, de tal maneira que, cando o Concello necesite algunha persoa traballadora destas características, acudirá a dita bolsa seleccionando á primeira delas e soamente poderá seleccionar á seguinte á esta, sempre e cando aquela rexeite o posto, o que suporá pasar ó final da lista, salvo que se dean as circunstancias de estar xa traballando ou en situación de ILT, o que deberá xustificarse aportando a documentación necesaria. A duración desta bolsa será polo tempo de vixencia das contratacións levadas a cabo a través das presentes bases.

9.- PROTECCIÓN DE DATOS

Segundo o establecido na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase aos participantes nesta convocatoria que os seus datos persoais quedarán arquivados neste Concello coa única finalidade de ter en conta a súa candidatura para o posto ofertado.

10.- CARÁCTER VINCULANTE DAS BASES

As bases desta convocatoria vincularán á administración municipal, ao tribunal cualificador e aos aspirantes que participen no proceso.

11.- INCIDENCIAS

O tribunal cualificador queda facultado para interpretar as bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación, e poderá adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

12.- DISPOSICIÓN FINAL

As bases da convocatoria e cantos actos administrativos se deriven delas e da actuación do tribunal cualificador poderán ser impugnados nos casos e na forma establecida pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, e pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Silleda, na data da sinatura electrónica.

ANEXO I.- SOLICITUDE

SELECCIÓN DE DÚAS PERSOAS PARA A REALIZACIÓN DA OBRA OU SERVIZO “LIMPEZA E MANTEMENTO DE ZONAS VERDES E XARDÍN” (PEÓN XARDINERÍA) PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE PERSOAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL PERCEPTORAS DA RENDA DE INTEGRACIÓN SOCIAL DE GALICIA (RISGA)

D./Dna.co D.N.I. núm.
..... e con enderezo a efectos de notificación en
.....

..... teléfono núm....., e dirección de correo electrónico.....

EXPÓN:

PRIMEIRO.- Que, estando convocado pola Oficina de Emprego de Lalin para participar na selección de DÚAS PERSOAS PARA A REALIZACIÓN DA OBRA OU SERVIZO “LIMPEZA E MANTEMENTO DE ZONAS VERDES E XARDÍN” (PEÓN XARDINERÍA) PARA A UNHA CONTRATACIÓN TEMPORAL DE PERSOAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL PERCEPTORAS DA RENDA DE INTEGRACIÓN SOCIAL DE GALICIA (RISGA), aporta a seguinte documentación:

ü Copia do D.N.I ou N.I.E.

- ü Resolución de concesión da RISGA.
- ü Declaración responsable de non estar incurso/a en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade, que lle impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes a praza á que se opta e de ter capacidade funcional.
- ü Declaración de non estar separado/a mediante expediente disciplinario do servizo das Administracións Públicas, nin inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio das funcións públicas.
- ü Documentación acreditativa das circunstancias persoais recollidas na base 5, no caso de que sexa procedente.

En ningún caso se admitirán nin se valorarán os méritos non xustificadas, ou presentados unha vez rematado o prazo de presentación

SOLICITA: Ser admitido/a para participar na selección DE DÚAS PERSOAS PARA A REALIZACIÓN DA OBRA OU SERVIZO “LIMPEZA E MANTEMENTO DE ZONAS VERDES E XARDÍN” (PEÓN XARDINERÍA)

Silleda, de de 2021

Asdo.:

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE SILLEDA (PONTEVEDRA)

ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE

D./Dna.co D.N.I. núm.
..... e con enderezo a efectos de notificación en
.....

..... teléfono núm....., e dirección de correo electrónico.....,

EXPÓN:

Que participa na convocatoria de DA OBRA OU SERVIZO “LIMPEZA E MANTEMENTO DE ZONAS VERDES E XARDÍN” (PEÓN XARDINERÍA)

Que por isto, e para poder formalizar o contrato de traballo,

DECLARA:

1º.- Non estar incurso/a en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade, que lle impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes a praza á que opta e de ter capacidade funcional.

2º.- Non estar separado/a mediante expediente disciplinario do servizo das Administracións Públicas, nin inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio das funcións públicas.

Silleda, de de 2021

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE SILLEDA

Expediente 113/2021. Solicitud de Licenza ou Autorización Urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

1º.- Por José Ramón Mosquera Cabaleiro, con DNI 35247152C, presentouse escrito o día 25/01/2021 (RE 45/2021), polo que se solicita licenza urbanística para realización de RECHEO PARCIAL EN FINCA RÚSTICA sita no Lugar de EIREXE – BREIXA – SILLEDA, (ref. cat. **36052J508107100000OH**).

Aporta proxecto técnico sen visado colexial elaborado polo enxeñeiro técnico agrícola FRANCISCO PÉREZ DONSIÓN, colexiado nº 579 do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas da Coruña.

2º.- En data 19/05/2021 a arquitecta municipal María José García Fidalgo, emite informe desfavorable de requirimento. Este requirimento foi remitido ao interesado o día 20/05/2021.

3º.- Consta modelo F02. Autoliquidación. Licenza de obra. Por importe de 13,50 de ICIO, e 60 de taxa por emisión de informes urbanísticos.

4º.- En data 03/06/2021 o interesado presenta a seguinte documentación:

- AltaPre-solicitude Mosquera.
- Plano 1 localización
- Plano 2 situación en planta.
- Plano 3 sección recheo.
- Dirección de Obra J.R. Mosquera.
- Xustificante pago ICIO.

5º.- En data 21/06/2021 a arquitecta municipal María José García Fidalgo, emite novo informe desfavorable de requirimento. Este requirimento foi remitido ao interesado o día 20/05/2021.

6º.- Consta no expediente acordo da Axencia Estatal de Seguridade Aérea en materia de Servidumes Aeronáuticas. Expediente **O21-0459**, de data 24/06/2021.

7º.- En data 28/06/2021 a arquitecta municipal María José García Fidalgo, emite novo informe desfavorable de requirimento. Este requirimento foi remitido ao interesado o día 02/08/2021.

8º.- En data 21/07/2021 emítase autorización polo Servizo de Infraestruturas Agrarias, Xefatura Territorial da Consellería de Medio Rural de Medio Rural por tratarse dunha finca resultante do proceso de concentración parcelaria zona de Breixas-Ansemil-Martixe, no Concello de Silleda, foi declarada de utilidade pública e urxente execución polo decreto 2147/1969, do 16 de agosto (DOG 30/09/1969), e finalizou o 20/07/1976 coa aprobación da acta de reorganización da propiedade. Trátase dos predios 710 e 711 do polígono 8.

9º.- Consta no expediente informe favorable á concesión da licenza do arquitecto municipal César Pereiras Cambón, de data 03/08/2021.

Considerando o informe emitido pola Secretaría da Corporación en data 10 de agosto de 2021, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas polo Alcalde na Resolución do 20 de xuño de 2019, adoptoU o presente acordo:

Primeiro. Conceder licenza urbanística a José Ramón Mosquera Cabaleiro, con DNI 35247152C, para realización de **RECHEO PARCIAL EN FINCAS RÚSTICAS** sitas no Lugar de EIREXE – BREIXA – SILLEDA, predios números 710 e 711 do polígono 8 resultantes da concentración parcelaria da zona de Breixas-Ansemil-Martixe. Con referencias catastrais **36052J508107100000OH e 36052J508007110000OD**.

As obras axustaranse na súa execución ao proxecto completo redactado polo técnico FRANCISCO PÉREZ DONSIÓN, colexiado nº 579 do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas da Coruña, cuxo presuposto de execución material ascende a **600,02 euros** e ao planeamento vixentes na localidade. Figurando como director facultativo da obra a Francisco Pérez Donsión.

As actuacións proxectadas realizaranse en solo clasificado polo PXOM de Silleda como **SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN AGROPECUARIA**.

Segundo: O prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis (6) meses, e o de terminación de tres (3) anos, desde a data do outorgamento de licenza, e non poderán interromperse as obras por tempo

superior a seis (6) meses, segundo establece o artigo 145 da LSG. O Concello poderá conceder prórrogas dos referidos prazos da licenza, previa solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.

Terceiro: A caducidade da licenza será declarada pola administración municipal previo procedemento con audiencia ao interesado.

Cuarto.- As licenzas enténdense concedidas sen prexuízo de terceiro e salvo o dereito de propiedade.

Quinto.- Será requisito indispensable en todas as obras dispoñer, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

Sexto.- Aprobar a liquidación correspondente ao Imposto de Construcións, Instalacións e Obras por importe de 13,50 euros, e a taxa por expedición de informe urbanístico por importe de 60,00.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE